



# BOP

VENRES, 24 DE NOVIEMBRE DE 2023

N.º 270

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

##### *Anuncio*

Resolución do 16 de novembro de 2023, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas dos bens e dereitos afectados polas "Actuacións para restablecer a circulación viaria, cortada polo colapso da LU-651 entre os pp.qq. 17+650 e 18+470" de clave LU/22/071.02, no Concello de Folgoso do Courel.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

A aprobación definitiva do expediente de información pública da memoria valorada do desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os puntos quilométricos 17+650 e 18+470, de clave LU/22/071.02, produciuse en data 24 de outubro de 2023 polo director da Axencia Galega de Infraestruturas e foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 209 con data 3 de novembro de 2023. Atendendo ó disposto no artigo 22 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, esta aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública, así como a urxencia da ocupación a efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, dos terreos necesarios para executar esta obra.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Folgoso do Courel.

Lugar: salón de actos do Concello (Praza Manuel Fraga Iribarne, s/n, 27325 Folgoso do Courel, Lugo).

Data: 20 de decembro de 2023, das 10:00 ás 13:00 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos no Concello de Folgoso do Courel, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo ( Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da Consellería:

[https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resolucions/aviso\\_034.html](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resolucions/aviso_034.html)

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Co fin de que os actos derivados dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención vixentes nas datas de realización dos actos convocados no presente anuncio.

Lugo, 16 de novembro de 2023.- Xefe do Servizo Provincial de Lugo, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 3615

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### *Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 16 de novembro de 2023 os seguintes padróns correspondentes ao primeiro trimestre de 2023:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga e taxa de vertedura e deretio de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 20 de decembro de 2023 ata o 20 de febreiro de 2024, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interperse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Alfoz, 17 de novembro de 2023.- Alcaldesado Concello de Alfoz, EFIGENIA MASEDA PAZ.

R. 3616

## BEGONTE

#### *Anuncio*

### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data de 17 de novembro de 2023, o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos de sumministración de interese xeral; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real

Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, 17 de novembro de 2023.- O Alcalde - Presidente, José Ulla Rocha.

R. 3617

## BÓVEDA

### Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 5/2023- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de 134.001,50 € (cento trinta e catro mil un euros e cincuenta céntimos), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 250, de data 31/10/2023), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación Orzamentaria		AUMENTO (EN EUROS)	Aplicación Orzamentaria	
Por progr.	Económica		Económica	AUMENTO (EN EUROS)
1532	227	7.500,00		
161	210	6.500,00		
161	227	2.601,50		
165	213	60.000,00		
170	609	1.000,00		
171	131	5.100,00		
171	160	2.800,00		
171	227	9.000,00		
312	212	3.390,00		
312	227	1.000,00		
323	213	8.230,00		
330	210	16.170,00		
334	227	6.100,00		
341	227	1.610,00		
342	227	1.000,00		
920	625	2.000,00		
<b>Total.....</b>		<b>134.001,50</b>	<b>Total.....</b>	<b>134.001,50</b>

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 5/2023 no orzamento prorrogado para o ano 2023, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Bóveda, a 23 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3615

## GUITIRIZ

### Anuncio

#### CORRECCION DE ERRO

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por resolución de alcaldía de data 16/11/2023 corríxese o seguinte erro na publicación de bases e selección de 1 encargado de obras publicadas no BOP de Lugo nº 185 de data 12/08/2023.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Onde di: <<3ª.- **REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.**

*Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:*

- *Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- *Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.*
- *Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións e axustes razoables de tempo ou medios para as probas do proceso selectivo.*
- *Habilitación: esíxese non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.*
- *Titulación: esíxese estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.*
- *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.*
- *Estar en posesión do permiso de condución clase C e certificado de aptitud profesional ( CAP).*

*Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da toma de posesión.>>*

Debe dicir:<<3ª.- **REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.**

*Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:*

- *Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- *Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.*
- *Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións e axustes razoables de tempo ou medios para as probas do proceso selectivo.*
- *Habilitación: esíxese non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.*

- *Titulación: esíxese estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.*
- *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.*

*Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da toma de posesión.>>*

Guitiriz, 16 de novembro de 2023.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3619

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA SETEMBRO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 30.10.2023 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de SETEMBRO 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 10.11.2023 ao 10.01.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de novembro 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023.- A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3620

## PALAS DE REI

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía N.º 2023-0571 ditada o 10 de novembro, o padrón e lista cobratoria da taxa pola entrada de vehículos a traveso da beirarrúa, referidos ao exercicio 2023, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario da taxa, correspondente ao exercicio tributario 2023, en:

Localidade: Palas de Rei

Oficina de recadación: Contas restrinxidas de recadación de ABANCA e de CAIXA RURAL GALEGA en horario das mesmas

Prazo de ingreso: do 1 ao 31 de decembro de 2023

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Palas de Rei, 16 de novembro de 2023.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3621

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE OUTUBRO 2023.**

Por Resolución de alcaldía do 14 de novembro de 2023, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: **dende o 11 de decembro de 2023 ao 12 de febreiro 2023**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 11 de decembro de 2023 ao 12 de febreiro de 2023**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 15 de novembro de dous mil vinte e tres.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3622

## RIBADEO

### *Anuncio*

**Expediente núm. 1027/2023**

**Resolución de Alcaldía núm. 2023/1134 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:**

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-1134 de data 3 de novembro de 2023 una vez concluído o proceso selectivo, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Martínez Martínez, Mónica	***5962***

**Características da praza:**

Servizo/Dependencia	Cultura, Esparcemento e Deportes
Ide. Posto	611
Denominación do posto	Bibliotecaria
Natureza	Laboral fixo
Nomeamento	03/11/2023
Escala	Laboral fixo
Subescala	Laboral fixo
Clase/Especialidade	Técnico Biblioteca
Grupo/Subgrupo	Equiparado A2

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 14 de novembro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 3623

## SARRIA

### Anuncio

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE OUTUBRO DE 2023**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **COBRANZA**

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, a 10 de novembro de 2023.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3624

## O VALADOURO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO DE 2023**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 14 novembro de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2023 polo importe total de 7.013,29 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro a 15 novembro de 2023.- A Concelleira da Área de Servizos Sociais, Benestar, Igualdade, Muller e Xuventude. Dinamización e Participación Cidadá. Formación, Emprego e Vivenda (RA 368/2023), M<sup>a</sup> Xosé Barreira Goás.

R. 3625

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello acordou en sesión extraordinaria de data 19 de outubro de 2023 aprobación inicial do expediente de modificación de crédito, modalidade suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, ao non haberse presentado alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

#### **SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2023**

#### **AREA DE GASTO 1: SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS**

PROGRAMA	ECONÓMICA	IMPORTE
151	22199	2000
1531	22199	2000
1531	210	20000
1532	213	10000
1532	22103	5000
160	22100	5500
160	22799	7000
161	210	6000
161	22100	5500
161	151	1200
161	16000	420
161	22799	18000



165	210	7000
165	22100	25000
171	22103	1000
171	22199	1000
172	213	11000
172	214	4000
172	22699	4000

**ÁREA DE GASTO 3: PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICO DE CARÁCTER PREFERENTE**

PROGRAMA	ECONÓMICA	IMPORTE
323	22100	10000
323	22799	87300
323	467	42300
330	131	4000
330	16000	2000
330	22100	3250
337	22100	100
338	22699	10000
342	212	3000
342	213	1000
342	22100	3800

**ÁREA DE GASTO 4: ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO**

PROGRAMA	ECONÓMICA	IMPORTE
432	22699	4000

**ÁREA DE GASTO 9: ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL**

PROGRAMA	ECONÓMICA	IMPORTE
912	216	1000
920	22100	3000
920	22199	1000
920	22604	7000
920	22799	7500
943	466	3500

**IMPORTE TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2023: 325870,00**

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O Valadouro a 17 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> José Fernández Díaz.

R. 3626

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello acordou en sesión extraordinaria de data 19 de outubro de 2023 aprobación inicial do expediente de modificación de crédito, modalidade crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, ao non haberse presentado alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

#### **CRÉDITO EXTRAORDINARIO1/2023**

#### **AREA DE GASTO 1: SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS**

<b>PROGRAMA</b>	<b>ECONÓMICA</b>	<b>IMPORTE</b>
160	225.01	28.000

**IMPORTE TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO1/2023: 28.000€**

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O Valadouro a 17 de novembro de 2023. A Alcaldesa: M<sup>a</sup> José Fernández Díaz

R. 3627

### **O VICEDO**

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2023, aprobou inicialmente o expediente nº 14/23 de modificación de créditos do presuposto municipal vixente. Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 20 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3630

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) XERMADE

#### *Anuncio*

Solicitud de participación no certame de poesía infantil "Nadal 2023". Expte. 830/2023.

BDNS (Identif.): 727685

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/727685>)

#### ANUNCIO

Solicitud de participación no certame de poesía infantil "Nadal 2023". Expte. 830/2023.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 15 de novembro de 2023, aprobou a solicitude de participación do Concello de Xermade no certame de poesía infantil "Nadal 2023", convocado pola Biblioteca Pública de Lugo co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Faise público o acordo de solicitude:

3.2. Solicitud de participación no certame de poesía infantil "Nadal 2023". Expte. 830/2023.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de novembro de 2023, que se transcribe literalmente:

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: solicitude de participación no certame de poesía infantil "Nadal 2023". Expte. 830/2023.

Visto o certame de poesía infantil "Nadal 2023", convocado pola Biblioteca Pública de Lugo co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Respecto da adhesión na fase local, as bases literalmente din:

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE XERMADE, convoca o CERTAME DE POESÍA INFANTIL NADAL 2023" (Fase local), de acordo coas seguintes BASES:

Participantes: pode participar calquera neno ou nena, rapaz ou rapaza ata os 16 anos.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B, de 9 a 11 anos; e C, de 12 a 16 anos.

Tema: o Nadal.

Língua: os poemas estarán redactados en galego.

Extensión: terán unha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Poderán presentarse escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis.

Identificación dos autores: cada autora ou autor poderá presentar cantos traballos desexa con cada súa folla de datos cumprimentada en letra maiúscula lexible. Os datos identificativos irán nesta folla de datos, nunca no traballo presentado.

Prazos: O prazo de presentación rematará o 22 de decembro de 2023 debendo ser entregados na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.

Xurado: un xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará para cada categoría os traballos gañadores. Os autores premiados recibirán un DIPLOMA ACREDITATIVO E LOTE DE LIBROS.

Fallo: o fallo do xurado local farase público no mes de xaneiro do 2024.

Fase provincial: Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Propiedade dos traballos: os traballos premiados serán propiedade da Biblioteca Pública de Lugo que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

A Biblioteca publicará cada ano un libríño conmemorativo que recollerá os traballos premiados o ano anterior.

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

A presentación de obras a este certame supón a aceptación das presentes bases."Sendo de interese para a biblioteca municipal de Xermade participar neste certame, tal como ven facendo nos últimos anos.

Consta proposta de gasto para a adquisición de lotes de libros, por importe de 225,00 euros, así como documento contable de retención de crédito na aplicación orzamentaria 332 48 do exercicio 2023.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 2023-0286 (BOP nº 157 do 10/07/2023), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Solicitar a participación da biblioteca municipal de Xermade no certame de poesía infantil “Nadal 2023” convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

**Segundo.-** Designar como xurado as seguintes persoas:

-Presidente: Don Roberto García Pernas, alcalde-presidente do Concello de Xermade

-Vogais:

1º Dona Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello de Xermade

2º Don Rubén López Eiras, director do CEIP de Xermade

3º Don Marcos Saavedra Blanco, auxiliar de biblioteca do Concello de Xermade

-Secretaria: Dona Miriam Alonso Domínguez, auxiliar administrativo do Concello de Xermade

**Terceiro.-** Autorizar un gasto por importe de 225,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 332 48 do exercicio 2023.

**Cuarto.-** Dar traslado dunha certificación do presente acordo ao departamento correspondente, a fin de que tramite a solicitude de participación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

Xermade, 16 de novembro de 2023.- Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 3628

### *Anuncio*

#### **BASES DO IV CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL**

BDNS (Identif.): 727699

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/727699>)

Asunto: aprobación das bases e a convocatoria do “IV Concurso de decoración de Nadal”

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 15/11/2023 aprobou as bases e a convocatoria do IV Concurso de decoración de Nadal, que se transcriben integramente:

#### **BASES DO IV CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL**

O Concello de Xermade convida a toda a veciñanza a participar nun concurso de decoración de Nadal, co fin de dinamizar a participación activa da cidadanía, fomentando a súa creatividade, e incentivando a ilusión das máis pequenas e pequenos.

Aquelas persoas que queiran participar deben seguir as presentes bases do concurso:

#### **Primeira.- Categorias e participantes:**

As categorías do concurso serán:

Vivendas: Árbore de Nadal

Vivendas: Nacemento/Belén

Vivendas: Decoración xeral interior

Vivendas: Decoración exterior

a) Establecementos comerciais e Locais de Asociacións veciñais: Decoración xeral

Na participación por vivendas, a inscrición debe facerse a nome dunha persoa empadroada en dita vivenda do concello. Unha mesma vivenda pode escoller participar nas categorías 1), 2), 3), e/ou 4), máximo a catro categorías, mínimo de unha.

Na participación por negocio, a inscrición será a nome da persoa titular do mesmo, e da asociación, dunha persoa da Xuna Directiva. A participación de negocios e asociacións será exclusivamente na categoría a).

### **Segunda. Temática**

O tema do concurso será a festividade do Nadal, os motivos tradicionais da mesma, tendo as persoas participantes plena liberdade no referente a técnicas e estilos.

### **Terceira.- Criterios de valoración**

Dentro dos criterios xenéricos terase en conta a creatividade, orixinalidade e o vistoso do conxunto. Tamén se valorará o uso de materiais naturais e reciclados, así como a introdución na decoración de elementos representativos do Concello de Xermade.

O xurado pode considerar deserta unha categoría se valora que as propostas non reúnen calidade suficiente para ser merecedoras do premio.

### **Cuarta.- Inscrición**

A data de inscrición estará aberta desde a publicación destas bases ata o 21 de decembro ás 14.30 horas.

Para facela efectiva, será necesario enviar por email (educadora.familiar@xermade.org) ou por whatsapp (678 744 178):

Categorías 1), 2), 3), e 4): nome, número de DNI e dirección postal da persoa representante (empadroada no concello) con 4 fotografías\* por cada categoría á que se presenten.

Categoría a): o nome do establecemento ou asociación, nome da persoa propietaria do mesmo ou da persoa da xunta directiva, número de DNI, dirección postal do negocio ou do local da asociación e 4 fotografías\* da decoración de Nadal escollida para participar.

As persoas que o estimen oportuno, poderán enviar tamén un texto cun breve resumo (máximo 60 palabras) de cousas que considere importantes e non se aprecien ben nas fotos sobre o proceso de elaboración ou elementos da decoración.

(As fotografías enviadas poderán ser expostas na web e redes sociais do Concello de Xermade. Non se aceptan collages.)

### **Quinta.- Xurado**

O xurado estará formado polas seguintes persoas:

Presidente: Don Roberto García Pernas, alcalde presidente do Concello de Xermade.

Vogais:

1º Dona Pilar Otero Combarro, decoradora e xerente de Fiodecor Decoración-Interiorismo (Vilalba).

2º Don Marcos Saavedra Blanco, Auxiliar de Biblioteca do Concello de Xermade.

3º Dona Nuria Lagüela Felpeto, Traballadora social do Concello de Xermade.

Secretaria: Dona Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello de Xermade.

O fallo do xurado e a entrega de premios levarase a cabo na última semana de decembro.

### **Sexta.- Premios**

O premio por cada categoría será unha cesta valorada en 130 €, conformada por produtos de alimentación e un vale para carburante.

En caso de quedar deserta algunha das categorías, poderase trasladar un segundo premio a calquera das demais.

En caso de empate nas votacións, desempatará o voto dobre da persoa especialista da materia, neste caso, a primeira vogal.

Da decisión do xurado realizarase unha acta na que se incluírán o número de traballos presentados, así como as persoas premiadas por cada unha das cinco categorías (catro de vivendas e unha de negocios/asociacións).

Existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 338 48 do vixente orzamento de gastos por importe de 650,00 euros para facer fronte ao presente gasto.

### **Sétima.-Datos de carácter persoal**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Xermade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

**Oitava.- Aceptación**

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros.

O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso."

Xermade, 16 de novembro de 2023.- Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 3629

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) RIBADEO***Anuncio*

Bases Subvencions concorrencia cultura 2023

BDNS (Identif.): 728597

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/728597>)

**APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO EN MATERIA DE CULTURA**

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 20/11/2023, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencions Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2023 referente a AREA DE CULTURA faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, co seguinte teor:

Finalidade e obxecto.-

Esta convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os destinatarios realicen as seguintes actividades:

A realización de actividades de natureza cultural, e con carácter xeral, todas aquelas actividades de interese para os veciños e veciñas do concello que representen unha mellora da calidade de vida dos mesmos ou da cohesión social das áreas citadas.

As subvencions obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2023.334.48901 "Promoción da cultura. Transferencias correntes" por un importe máximo de 4.000,00 euros.

Destinatarios.- Poderán solicitar estas subvencions: as entidades e asociacións sen finalidade de lucro, domiciliadas en Ribadeo legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións; as persoas físicas ou colectivos para iniciativas temporais de interese cidadán, sen ánimo de lucro, sempre que, en ambos casos, non teñan recoñecida subvención nominativa nos orzamentos municipais.

Excepcionalmente cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario, poderase conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. A fundamentación de dito interese se acreditará mediante a achega dunha memoria o efecto

Procedemento e Prazo.- O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o su extracto nos diarios oficias correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG). Tomarase como data para inicio do prazo a da última publicación que se realice. O procedemento de concesión seguirase conforme ao artigo 22 da Lei de Subvencions de Galicia, con carácter abreviado, podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar.- A que figura na base 5ª das aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web [www.ribadeo.org](http://www.ribadeo.org) e nas oficinas municipais.

Xustificación.- O prazo de xustificación rematará, o 31 de xaneiro de 2024, debendo presentar a documentación a que se refire o artigo 5 das bases.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web [www.ribadeo.org](http://www.ribadeo.org)

Ribadeo, a 21 de novembro de 2023.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3673

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) XOVE***Anuncio***EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-1426 DO 22 DE NOVEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL "MÍRANOS" 2023-2024**

BDNS (Identif.): 728718

De acordó co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/728718>)

**Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.**

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos comerciais situados na localidade de Xove independentemente do produto que oferten ao público.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Folla de inscrición establecida ao efecto

A folla de inscrición deberá presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Xove (presencialmente ou en liña <https://xove.sedelectronica.gal>) desde o 27 de novembro de 2023 ás 9:00 horas ata o 12 de decembro ás 24: horas.

**Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de escapatismo de nadal 2023-2024

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencions do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá dous premios:

-Un premio para o escaparate que acade máis "me gusta" que consistirá en 300,00 Euros.

-Un premio para o escaparate que resulte designado polo xurado, que consistirá en 300,00 euros.

De acordó co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non está suxeito a retención o premio anterior.

XOVE, 22 de novembro de 2023.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3674